



Acta da reunión de constitución e apertura de sobres A da mesa para adxudicación da poxa á alza, mediante o procedemento de presentación de ofertas en sobre pechado con apertura en acto público, da embarcación “Serra Barbanza”

LUGAR: sala de xuntas da Consellería do Mar (Edifícios administrativos de San Caetano, edificio nº 5, 2º andar -Santiago de Compostela).

DATA: 21 de abril de 2021 HORA: 13:00 horas

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Roberto Corbal González, subdirector xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación

POLA INTERVENCIÓN DELEGADA: Mª Patricia Rodríguez Fernández, interventora delegada da Consellería do Mar

POLA ASESORÍA XURÍDICA: Roberto Calaza Parajes, Asesor xurídico da Consellería do Mar.

SECRETARIO: José Luis Andújar Pose, xefe do servizo de Contratación e Réxime Patrimonial

VOGAL: Lino Sexto Bermúdez, subdirector xeral de Gardacostas de Galicia

ORDE DO DÍA:

1. Comprobación da documentación do sobre A
2. Cualificación da documentación presentada.
3. acordos

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

1. Compróbase polos membros da mesa que as ofertas están presentadas en prazo (publicación no DOG o 22/3/2021, cun prazo de ofertas de 20 días naturais: remate do prazo o 12/4/2021). Na certificación do Rexistro Xeral consta que a oferta de RUTAS RIAS BAIXAS S.L. está presentada o 12/4/2021, dentro do prazo fixado.

2. Feita a apertura da documentación achegada nos sobres A, constátase que:

- RUTAS RIAS BAIXAS S.L. achega oferta para a embarcación Serra Barbanza en 1ª convocatoria.





3. Relación e validez das ofertas e documentación presentada:

Entidade	CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL-sobre A
RUTAS RIAS BAIXAS S.L.	<p>- a copia do documento de bastanteo de poder do representante <u>debe estar compulsada por funcionario da Xunta de Galicia ou autenticado notarialmente</u> (o documento achegado está compulsado por funcionario do concello de Cambados) Debe emendar este defecto.</p> <p>- a copia do dni do representante da entidade licitadora <u>debe estar compulsada por funcionario da Xunta de Galicia ou autenticado notarialmente</u> (o documento achegado está compulsado por funcionario do concello de Cambados) Debe emendar este defecto</p> <p>- Non se achega o xustificante de ter depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (achégase un xustificante de transferencia de entidade bancaria). Debe emendar esta omisión</p>

Acordos adoptados por unanimidade:

1. Acórdase conceder un prazo de tres días hábiles para a emenda da documentación sinalada no cadro anterior, ás empresas que a presentaron incompleta e/ou incorrecta: Rutas Rías Baixas SL

De acordo co exposto, levántase a continuación a presente acta que asinan en proba de conformidade.

O presidente

O secretario